Sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para formar, sensibilizar e capacitar a cidadanía en materia de ciberseguridade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35115 (12/POC-005749)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis

Sobre as actuacións que leva a cabo ou ten previstas a Xunta de Galicia para mellorar as capacidades dos concellos galegos en materia de ciberseguridade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35118 (12/POC-005750)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre as xornadas de impulso ao comercio galego organizadas en colaboración co GaiásTech

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35119 (12/POC-005751)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis

Sobre as actuacións previstas no marco do nodo Conectivi.gal, os seus obxectivos e o seu período de execución

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35121 (12/POC-005752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre as medidas, o impacto e a valoración que ten o Plan de formación no sector comercial de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35123 (12/POC-005753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis



Sobre a acollida do programa Vilas Vivas entre o tecido comercial e o seu impacto nos núcleos históricos das vilas galegas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35126 (12/POC-005754)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á mellora do transporte público por estrada entre O Morrazo e os puntos de referencia hospitalaria e educativa de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35222 (12/POC-005755)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o nivel de cumprimento por parte das concesionarias de transporte público dos requisitos de accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35254 (12/POC-005756)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre os obxectivos da Xunta de Galicia en relación co Instituto Galego do Consumo e da Competencia e co Laboratorio de Consumo de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35256 (12/POC-005757)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre o grao de execución do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 desde a súa aprobación

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35269 (12/POC-005758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á licitación, ao sistema de financiamento e á planificación orzamentaria da prolongación da autovía AG-55

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35275 (12/POC-005759)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa garantía da atención a Guille, alumno con necesidades educativas especiais do IES San Alberto, de Noia, durante o curso 2025-2026

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 35278 (12/POC-005760)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia prevé adoptar para lles garantir a asignación de coidadores aos alumnos con necesidades educativas especiais e evitar casos coma o de Guille, do IES San Alberto, de Noia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 35280 (12/POC-005761)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo do proxecto do parque empresarial de Fragamoreira, no concello de Poio

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35286 (12/POC-005762)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o nivel de execución da partida 313D, destinada ao apoio ás vítimas de violencia de xénero, a materialización das campañas de sensibilización e prevención nesta materia e as previsións do Goberno galego ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35302 (12/POC-005763)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a postura que prevé adoptar o Goberno galego ante a oferta da condonación, por parte do Goberno central, de 4.010 millóns de euros da débeda pública de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35303 (12/POC-005764)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da postura das deputadas e dos deputados do Partido Popular de Galicia nas Cortes Xerais ante o proxecto de lei relativo á proposta de quitación de débeda pública autonómica

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35304 (12/POC-005765)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de obxectividade da metodoloxía aplicada polo Goberno de España na proposta para a quitación de débeda pública autonómica

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35305 (12/POC-005766)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o eventual compromiso do Goberno galego para elaborar, no caso de solicitar a quitación de débeda pública, unha proposta destinada a configurar un novo sistema de financiamento autonómico para Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35306 (12/POC-005767)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa súa política de beneficios fiscais, especialmente no imposto sobre sucesións e doazóns e no de grandes fortunas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35322 (12/POC-005768)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia e as súas previsións verbo da autorización do proxecto de Altri en Palas de Rei tendo en conta a nova planificación eléctrica do Goberno central para o período 2025-2030

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35328 (12/POC-005769)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a nova planificación de infraestruturas eléctricas que propón o Goberno central para o período 2025-2030 e a continuidade da tramitación do proxecto de Altri en Palas de Rei

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35331 (12/POC-005770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a dotación docente do CEIP Valle-Inclán, do concello de Oleiros, para o curso 2025-2026 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 35334 (12/POC-005771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre os obxectivos acadados polo evento *Artesanía no prato: o sabor de Galicia en Lisboa*, levado a cabo pola Fundación Pública Artesanía de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35336 (12/POC-005772)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis



Sobre o impacto que produciron no sector as últimas edicións do Bono Activa Comercio
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35338 (12/POC-005773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre as medidas de apoio ao sector da artesanía de Galicia recollidas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35342 (12/POC-005774)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre o incremento dos recursos humanos e a convocatoria de prazas na área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a finais do ano 2026 a media de profesionais de España en cada categoría profesional implicada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35345 (12/POC-005775)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do incremento dos recursos físicos e humanos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35347 (12/POC-005776)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a implantación de servizos de xeriatria en todas as áreas sanitarias e a dotación da atención primaria para a asistencia específica ás persoas maiores

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35349 (12/POC-005777)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre os criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o destino do material e da tecnoloxía que recibe mediante doazóns e a posibilidade de regulalas de forma que estas radiquen exclusivamente en centros de xestión e titularidade públicas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35356 (12/POC-005778)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a información da que dispón o Goberno galego verbo da interrupción do tráfico ferroviario entre Ourense e Monforte de Lemos producida desde o día 18 de setembro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 35367 (12/POC-005779)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en canto á posible elaboración dun informe-estudo
verbo da xestión dos albergues públicos e da súa evolución nos últimos anos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 13:59:28
Nº Rexistro: 35357
Data envío: 01/10/2025 13:59:28.574

Asinado o día 01/10/2025 ás 13:56
Por Carmen Pomar T

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Raquel Arias Rodríguez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo prexuízo que a interrupción do servizo ferroviario xera en materia de mobilidade

O incendio declarado o pasado 18 de setembro ao carón das vías do tren no concello de Pantón (Lugo) obrigou a cortar o tráfico ferroviario entre Ourense e Monforte de Lemos. Foi o propio Adif (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) o que notificou a interrupción do transporte ferroviario ese mesmo día a partir das 16:30 horas e o que tamén informou de que o traslado dos viaxeiros afectados faríase en autobús.

A día de hoxe segue sen restablecerse o transporte ferroviario entre Ourense e Monforte de Lemos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Dispón o Goberno galego de información sobre cando se restablecerá a circulación ferroviaria entre Ourense e Monforte e as razóns polas que se mantén o corte?

Santiago de Compostela, 1 de novembro de 2025

Asinado o día 01/10/2025 ás 13:56
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 01/10/2025 13:56:14

Raquel Arias Rodríguez na data 01/10/2025 13:56:23

Carmen Pomar Tojo na data 01/10/2025 13:56:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 01/10/2025 13:56:57

José Luis Ferro Iglesias na data 01/10/2025 13:57:06

María Deza Martínez na data 01/10/2025 13:57:16,01/10/2025 13:58:27

Cristina Campero Dorado na data 01/10/2025 13:58:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/10/2025 13:58:40

Katherinie Varela Fernández na data 01/10/2025 13:58:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/10/2025 13:58:59



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 13:59:28
Nº Rexistro: 35357
Data envío: 01/10/2025 13:59:28.574

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 13:59:29

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:44:00
Nº Rexistro: 35482
Data envío: 02/10/2025 13:44:00,951

Asinado o día 02/10/2025
13:22
Por Carmen Pomar T

Á Mesa do Parlamento

Manuel Santos Costa, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia da obra en execución e a necesidade de coñecer os condicionantes e as actuacións pendentes que leven ao seu remate.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, está a levar a cabo unha obra moi importante e de gran calado en Marín que porá solución ás escorrentías ao río Lameira tanto en momentos de choiva como de seca. O fin último é garantir un bo estado na calidade das augas.

É unha obra moi complexa desde o punto de vista técnico dado que na zona existe unha gran cantidade de tubaxes e sumidoiros que baixaban ao río e dos que non se tiña constancia ao ser uns traballos feitos no século XX.

O proxecto que se está desenvolvendo na actualidade e que está a avanzar, pese a ser unha obra que depende en bastante medida das condicións meteorolóxicas, mellorará moito o sistema de saneamento de Marín, que conta cunha rede moi extensa, de ata 140 quilómetros.

Pese ao gran esforzo investidor que está a facer a Xunta de Galicia con este proxecto e pese a que o obxectivo é dar un mellor servizo a unha poboación de máis de 9.8000 habitantes das parroquias de San Xián de Marín e Santa María do Porto, o Bloque Nacionalista Galego parece estar interesado en que estas obras estean verdadeiramente paralizadas.

Asinado o día 02/10/2025 ás
13:22
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 02/10/2025 ás
13:22
Por Manuel Santos Costa

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





É por iso que, ante as últimas noticias publicadas nos medios de comunicación ao respecto desta iniciativa, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

- En que estado se atopan actualmente a execución das obras de mellora da rede de saneamento no río Lameira, en Marín?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Costa na data 02/10/2025 13:22:09
Gonzalo Trenor López na data 02/10/2025 13:22:40
Carmen Pomar Tojo na data 02/10/2025 13:22:50
Cristina Campero Dorado na data 02/10/2025 13:23:00
José Luis Ferro Iglesias na data 02/10/2025 13:23:11
María Deza Martínez na data 02/10/2025 13:23:26
Argimiro Marnotes Fernández na data 02/10/2025 13:23:39
Roberto Rodríguez Martínez na data 02/10/2025 13:40:53
Rubén Lorenzo Gómez na data 02/10/2025 13:41:01
Katherinie Varela Fernández na data 02/10/2025 13:41:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 13:44:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:44:00
Nº Rexistro: 35482
Data envío: 02/10/2025 13:44:00,951

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 17:41:15
Nº Rexistro: 35743
Data envío: 06/10/2025 17:41:15.698

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola aprobación de novas directrices políticas por parte do Partido Popular sobre a interrupción voluntaria do embarazo e a preocupación actual sobre o efecto que pode ter no desenvolvemento de cambios para a poboación galega, para que o Parlamento de Galicia teña información actualizada e urxente sobre esta cuestión.

Por iso, a deputada que asina formula a seguinte pregunta:

Que intencións ten o Goberno galego de estender as políticas regresivas sobre a interrupción voluntaria do embarazo que están desenvolvendo algúns gobernos autonómicos en España?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Asinado o día 06/10/2025 ás
17:40
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

122743

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado o día 06/10/2025 ás
17:40
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-0MIR1Mwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/10/2025 17:40:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 17:41:15
Nº Rexistro: 35743
Data envío: 06/10/2025 17:41:15.698

CSV: BOPGDSPG-0MRtMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 17:41:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 17:41:15
Nº Rexistro: 35743
Data envío: 06/10/2025 17:41:15.698

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre o xenocidio en Gaza

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o goberno galego explique no Parlamento a súa posición en relación co xenocidio que está a cometer o Estado de Israel contra o pobo palestino.

Exposición de motivos

O pobo palestino está a sufrir as consecuencias da ocupación por parte de Israel desde 1948. Este mes fanse dous anos desde que o estado de Israel comezou a súa campaña de xenocidio planificado de todo un pobo en Gaza. Nos últimos meses, con total impunidad, cando non co apoio por acción ou por omisión da comunidade internacional, Israel asasinou arredor de 70.000 persoas (ademais das que están a morrer como consecuencia do asedio sionista, por fame e por falta de recursos de todo tipo), coa matanza premeditada de civís, mesmo con máis frecuencia nestas últimas semanas, co asasinato de persoas que se atopaban demandando comida, a destrución de cidades enteiras, incluídos hospitais e zonas acordadas para a entrega de axuda humanitaria.

O contundente informe elaborado por unha comisión de investigación creada polo Consello de Dereitos Humanos de la ONU afirma que o que está a cometer Israel en Gaza é un xenocidio.

Asinado o día 06/10/2025 ás
17:52
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A sociedade galega, como noutros lugares do mundo, demostra o seu apoio ao pobo palestino sempre que ten ocasión, a pesar das represalias, o acoso e a represión ao que se enfrontan moitas persoas por protestaren contra o asasinato do goberno de Israel, como aconteceu nas mobilizacións en Galiza contra a participación dun equipo de Israel na Volta Ciclista a España ou coa manifestación do pasado 5 de outubro en Santiago de Compostela, convocada pola Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina.

Estamos a vivir un momento histórico, no que ningunha institución debe permanecer impasíbel nin silenciosa ante a terríbel masacre e limpeza étnica que se están a cometer ante nós, con total impunidade. O pronunciamento do goberno galego é imprescindible e urxente.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a postura do goberno galego en relación co xenocidio que está a cometer o Estado de Israel contra o pobo palestino?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 06/10/2025 17:52:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 17:53:28
Nº Rexistro: 35744
Data envío: 06/10/2025 17:53:28.573

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 17:53:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 17:53:28
Nº Rexistro: 35744
Data envío: 06/10/2025 17:53:28.573

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:21:23
Nº Rexistro: 35754
Data envío: 06/10/2025 18:21:23.907

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que políticas se pretenden cambiar para poder afrontar as situacións de desigualdade que se dan actualmente en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de outubro do 2025

Asinado o día 06/10/2025 ás
17:46
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

122750

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 17:46:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:21:23
Nº Rexistro: 35754
Data envío: 06/10/2025 18:21:23.907

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 18:21:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:21:23
Nº Rexistro: 35754
Data envío: 06/10/2025 18:21:23.907

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr Rueda, como explica que a Xunta de Galiza non detectara a situación da residencia (Vivenda Comunitaria Jardín) en Amoeiro?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado o día 06/10/2025 ás
18:23
Por Ana Pontón Mondelo



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2025 18:23:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:24:46
Nº Rexistro: 35755
Data envío: 06/10/2025 18:24:46.662

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 18:24:46
Nº Rexistro: 35755
Data envío: 06/10/2025 18:24:46.662

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 18:24:47

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más e Ángel Rodríguez Conde, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición por parte da nova directora xeral da corporación en relación con esta cuestión.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) ten un claro compromiso coa igualdade. Xa van seis anos consecutivos nos que é distinguida polo indicador Ardán Empresa Igual en Xénero, do Consorcio Zona Franca de Vigo

Unha das súas prioridades é visibilizar a igualdade, coa presenza de mulleres en programas, debates, ou como expertas que opinan en tódolos ámbitos.

A Corporación galega promove desde hai tempo unha verdadeira cultura do deporte feminino, coa cobertura de toda a actualidade que xeran as deportistas galegas a través de TVG, a G2, Radio Galega e as canles dixitais, particularmente a Plataforma OTT.

A cobertura sobre deporte feminino nos informativos da TVG no ano 2024 superou ás de anos anteriores, un crecemento que amosa o compromiso da canle co deporte feminino. Tamén o 2024 foi o ano con máis contidos de deporte feminino nos informativos.

Por iso formulamos as seguintes preguntas:

_ Que balance fai da cobertura sobre deporte feminino en todos os medios da CSAG no ano 2025?

_ Cal serán as liñas de actuación sobre esta cobertura para o vindeiro ano?

Asinado o día 03/10/2025 ás 17:07
Por Raquel Arias Rodríguez

Asinado o día 03/10/2025 ás 17:06
Por Carmen Pomar Tojo

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 03/10/2025 17:06:39

Raquel Arias Rodríguez na data 03/10/2025 17:07:17

Víctor Baladrón Lamas na data 03/10/2025 17:08:07

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/10/2025 17:08:31

Cristina Campero Dorado na data 03/10/2025 17:08:54

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/10/2025 17:09:25

Jesús María Fernández Rosende na data 03/10/2025 17:09:54

Paula Mouzo Mas na data 03/10/2025 17:10:15

Ángel Rodríguez Conde na data 03/10/2025 17:10:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 17:12:50
Nº Rexistro: 35616
Data envío: 03/10/2025 17:12:50.850

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2025 17:12:51

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre as concentracións parcelarias na Agolada.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se trate canto antes no Parlamento a situación das concentración parcelarias na Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada vaga de lumes saldouse cunha grande parte do noso territorio devastado polos peores incendios da nosa historia, que se cebaron con Ourense pero que tamén afectaron a outras zonas do interior do país, dentro das que se encontra a aldea do Sexo, no concello deza de Agolada.

Alí, o 15 do pasado mes de agosto, decretoouse o nivel 2 por perigo para a poboación debido a un lume de grande voracidade que queimou o monte que arrodea a aldea e que puido ter consecuencias aínda máis devastadoras de non ser por a actuación dos veciños e veciñas, que loitaron contra as chamadas cos medios que tiñan, axudados por persoas de núcleos próximos, que acudiron con tractores e cisternas para colaborar co dispositivo de extinción.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Os veciños alí presentes durante aquela xornada declaran terse sentido abandonados e enganados polos datos que a propia Xunta de Galiza proporcionou posteriormente do incendio que os asediou e fixo que a poboación de maior idade vivise con medo horas nas que estiveron confinados mentres os seus familiares apagaban as lapas para que non arderan as vivendas.

Mais non é o único motivo polo que a poboación de varias parroquias de Agolada considera que é tratada con desleixo por parte das administracións, xa que consideran que ningún dos proxectos pensados para o territorio que habitan os benefician a eles en primeira instancia, en moitos casos ocorre o contrario, que resultan prexudicados en favor de empresas externas que aproveitan os seus recursos sen que revertan positivamente na zona. É o caso de ALTRI, cuxo vertido de auga se atopa a 300 metros da aldea do Sexo, de proxectos eólicos contra os que levan loitando anos, liñas de alta tensión ou, recentemente, a posibilidade da instalación dunha planta de biogás na contorna.

Non entanto, o que os veciños das parroquias do Sexo, Eidián, Ramil, Basadre, Agra, Val de Sangorza, Baíña, Órrea e Berredo levan anos solicitando ao goberno da Xunta de Galiza, non se leva a cabo. Este é o caso das concentracións parcelarias, demandadas polo 98% dos veciños e veciñas das citadas zonas e que levan arrastrando durante décadas, sen que as case 4000 hectáreas se concentren e favorezan o desenvolvemento de gran cantidade de proxectos pensados polos agoleses para a zona e que beneficiarían tanto a gandeiros e agricultores coma á economía local, loitando contra o forte despoboamento do que non é allea a comarca e o concello.

A pesares das moi numerosas reunións e promesas de axilización, con visitas reiteradas dirante anos de distintas directoras do AGADER e outros cargos do goberno galego, para anunciar movementos, o certo é que a realidade continúa a ser a mesma que fai 14 anos, cando se fundou a asociación Queremos Parcelarias, cuxo fin era o de darlle un impulso a estas concentracións e facer fincapé na súa importancia e a mesma que fai



máis de 20, no 2002, cando comezaron os procedementos. Veciños e veciñas afectados por o desleixo total da administración cara esta rica e produtiva ribeira do Ulla non confían no goberno galego nin nas súas promesas recorrentes e reclaman atención e investimento para unha zona que vai camiño de baleirarse cando o futuro podería ser ben distinto se as políticas para o rural fosen as axeitadas e pensadas para a xente que habita nel e non para que uns poucos se lucren a conta do que é de quen vive no territorio e coida del.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

1. Considera a Consellería de Medio Rural que as parcelarias de Agolada, con 20 anos de atraso serán decretadas no que resta de ano?
2. Considera a Consellería de Medio Rural que a concentración do territorio chega a tempo no concello de Agolada no caso destas 8 parroquias?
3. Con que motivo non decreta a Xunta de Galiza as parcelarias de Agolada cando todos os procesos anteriores se levaron a cabo con éxito?
4. Considera a Xunta de Galiza que actuou con dilixencia e celeridade nas concentracións de Agolada ao reunirse en numerosas ocasións cos veciños afectados polas concentracións e non avanzar no proceso durante os últimos 14 anos?
5. Dotará a Consellería de Medio Rural dos recursos orzamentarios necesarios para levar a cabo esta concentración coa maior celeridade posible?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/10/2025 11:14:59

Sonia Vidal Lamas na data 06/10/2025 11:15:07

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/10/2025 11:15:15

Secundino Fernández Fernández na data 06/10/2025 11:15:21

Luis Bará Torres na data 06/10/2025 11:15:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:20
Nº Rexistro: 35690
Data envío: 06/10/2025 11:22:20.078



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:20
Nº Rexistro: 35690
Data envío: 06/10/2025 11:22:20.078

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:22:20

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 07/10/25
08:57
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, relativa a unha moratoria indefinida ao eucalipto e a ordenación multifuncional e sostible do monte galego.

Asinado o día 07/10/2025 ás
08:57
Por Sonia Vidal Lamas

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada a respecto da situación da moratoria do eucalipto e pola demanda dunha ordenación multifuncional e sostible do monte galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ordenación forestal galega afronta, a día de hoxe, un claro desafío pola expansión do monocultivo do eucalipto, que supera os límites fixados pola lexislación vixente e provoca impactos ambientais, sociais, económicos e de seguridade crecente para o territorio. Galiza supera as 413.000 hectáreas de superficie ocupada por eucalipto, moi por riba das 245.000 recoñecidas como máximo polo Plan Forestal Galego de 1992 para o ano 2032.

O monocultivo de eucalipto dificulta o desenvolvemento rural, reduce a biodiversidade, agrava o risco de incendios e erosiona a multifuncionalidade histórica do

Asinado o día 07/10/2025 ás
08:57
Por Montserrat Valcárcel Armesto





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

monte galego, restando capacidade económica, social e ambiental ao territorio e facilitando a concentración do beneficio nun sector papeleiro alleo á economía local.

A primeira revisión do Plan Forestal de Galiza(2021) xa reconece a necesidade urxente de frear a expansión desta especie, recomendando reducir ou estabilizar a súa superficie. Cómpre actuar con decisión, transparencia e rigor técnico para garantir un monte diversificado, resiliente ao cambio climático e con valor multifuncional para as comunidades locais.

A día de hoxe, e en relación co incumprimento dos compromisos oficiais, calquera aumento das plantacións de eucalipto iría frontalmente en contra das propostas da primeira revisión do Plan Forestal de Galiza(Xunta de Galicia, 2021), na que se argumentaba que sería desexable reducir, ou polo menos manter estable, a superficie total ocupada por plantacións de eucalipto en Galicia.

Non obstante, os datos do Inventario Forestal Continuo evidencian que non só non se reduciu a presenza do eucalipto, senón que aumentou: de 370.000 hectáreas en 2011 a máis de 419.000 en 2023, moi lonxe do obxectivo oficial de reducir a súa ocupación.

Existen áreas onde a intervención resulta especialmente urxente e xustificada:

- A Rede Natura 2000, onde cómpre eliminar progresivamente os eucaliptos que afectan a hábitats prioritarios ou degradan bosques autóctonos.
- Parques naturais como As Fragas do Eume, onde diversos estudos detectan unha perda do 17% do bosque autóctono e un aumento do 48% das superficies de eucalipto en 25 anos.
- Zonas húmidas, beiras de ríos e pozas, polas súas condicións ecolóxicas sensibles e o valor para os ecosistemas de ribeira.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Terras que anteriormente eran agrarias, onde existen restricións legais para plantar eucalipto.

- Montes veciñais e comunais, onde moitas comunidades impulsan proxectos de substitución por especies autóctonas.

- Comarcas con elevado risco de lumes, onde a concentración de eucaliptos potencia a propagación rápida do lume.

E finalmente, a investigación científica e as experiencias prácticas locais demostran que a eliminación de eucaliptos en espazos agrícolas xera múltiples beneficios:

- Recuperación ambiental e biodiversidade: restaura a fertilidade e estrutura do solo, favorece a diversidade de flora e fauna.

- Rendibilidade agraria: permite empregar os espazos para agricultura, pastos ou sistemas agroforestais diversificados.

- Protección hídrica: mellora a xestión da auga ao reducir o consumo masivo desta especie.

- Redución de riscos ambientais: baixa significativamente o risco de incendios.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

Que medidas concretas ten adoptado a Consellería para garantir o cumprimento do límite de superficie de eucalipto fixado polo Plan Forestal Galego de 1992, tendo en conta que se superou en máis de 168.000 hectáreas o máximo permitido?

Vai a Xunta ampliar a moratoria temporal para novas plantacións de eucalipto que





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

remata a finais de 2025? Considera a Conselleira necesario avanzar cara unha moratoria indefinida ata contar con normativa que garanta un modelo forestal diversificado e sostible?

Que accións específicas está a desenvolver a Consellería para identificar, sancionar e eliminar as plantacións de eucalipto realizadas de forma ilegal? ¿Con que recursos conta a Administración para esta labor de fiscalización?

Que estratexias vai aplicar o Goberno galego para implantar un modelo de paisaxe mosaico baseado en especies autóctonas, árbores de distintas idades e devasas verdes que frenen o avance dos lumes e recuperen biodiversidade?

Cando vai a Xunta publicar e facer públicos os datos do Inventario Forestal Continuo correspondentes a 2024? ¿Por que se están ocultando estes datos que son fundamentais para avaliar a evolución real do eucalipto en Galicia?

Que criterios técnicos e ambientais está a aplicar a Consellería para definir unha ordenación forestal viable que controle e xestione o eucalipto con garantías científicas e de sostibilidade?

Ten previsto a conselleira un programa específico para a eliminación progresiva dos eucaliptos na Rede Natura 2000, nos parques naturais, nas zonas húmidas e nas terras anteriormente agrícolas?

Que medidas vai adoptar o Goberno para garantir un verdadeiro uso multifuncional dos montes galegos, non só produtivo, e para impulsar unha industria forestal potente, diversificada e sostible que non se base exclusivamente no eucalipto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/10/2025 8:57:38

Sonia Vidal Lamas na data 07/10/2025 8:57:45

Ariadna Fernández González na data 07/10/2025 8:57:53

Secundino Fernández Fernández na data 07/10/2025 8:58:02

Luis Bará Torres na data 07/10/2025 8:58:10



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 9:03:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35776
Data envío: 07/10/2025 09:03:39.482

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A expansión internacional das empresas é una fonte de mellora continua da súa competitividade que reverte, inexorablemente, na economía do territorio onde están instaladas.

Así, na actualidade, Galicia atópase no mellor período exportador da súa historia, de feito, en 2024, mantivo un nivel récord de exportacións, acadando os 31.019 millóns de euros e, transcorrido máis da metade de 2025, o volume acumulado neste período supera o rexistro acadado nas mesmas datas do ano pasado.

Sen embargo, para avanzar na mellora da economía a captación e fixación de investimentos na nosa Comunidade é fundamental, a atracción de proxectos industriais en zonas galegas suporán a dinamización da economía, do emprego e dos beneficios sociais.

Polo tanto, establecer e reforzar vínculos non só co noso país ou co resto da Unión Europea parece fundamental. Neste sentido, soubemos que un grupo do departamento de Economía e Industria, liderado pola conselleira, emprendeu unha viaxe o pasado mes de setembro ao Xapón.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración do Goberno galego da viaxe a Xapón de un grupo do departamento de Economía e Industria, liderado pola conselleira?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 10:55:23
Nº Rexistro: 34842
Data envío: 26/09/2025 10:55:23.135

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OMRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/09/2025 10:53:24
María Encarnación Amigo Díaz na data 26/09/2025 10:53:36
María Deza Martínez na data 26/09/2025 10:53:46
Miguel Fidalgo Iglesias na data 26/09/2025 10:53:55
María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/09/2025 10:54:08
Ángel Rodríguez Conde na data 26/09/2025 10:54:18
Cristina Sanz Arias na data 26/09/2025 10:54:31
Borja Vereza Fraiz na data 26/09/2025 10:54:53
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 26/09/2025 10:55:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 10:55:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 10:55:23
Nº Rexistro: 34842
Data envío: 26/09/2025 10:55:23.135

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 10:59:49
Nº Rexistro: 34843
Data envío: 26/09/2025 10:59:49.036

Asinado o día 26/09/2025
10:58
Por Noelia Pérez López

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Consello de Ministros vén de aprobar un acordo polo que solicita ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez, a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei galega 5/2024, de medidas fiscais e administrativas, polos artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia e ao sector eólico.

Esta non é a primeira vez que o Executivo central pon en cuestión a iniciativa lexislativa de Galicia diante do Tribunal Constitucional. Recentemente presentou recurso contra a Lei do Litoral -onde remataron por dar a razón á Xunta- e agora o pretexto é poñer en dúbida o contido e alcance do plan de axilización da dependencia e da discapacidade.

O Goberno central xulga como inconstitucional a homologación do recoñecemento da discapacidade a persoas con dependencia. En particular, cuestiona que este procedemento se realice sen facer unha valoración previa.

Cómpre lembrar que a admisión por parte do Tribunal Constitucional deste recurso, suporía a suspensión automática deste normativa, cuxa aplicación xa beneficiou a máis de 9.300 galegos no que vai de ano.

É sorprendente que o Executivo do señor Pedro Sánchez poña a súa mirada nunha das medidas pioneiras que aplicou Galicia: o plan de axilización da dependencia e da discapacidade, posto en marcha en xaneiro deste mesmo ano.

Asinado o día 26/09/2025 ás
10:57
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 26/09/2025 ás
10:57
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A actitude do Executivo central contrasta cos seus propios actos, por exemplo cando, na última modificación da Lei de Dependencia, copiou o procedemento seguido pola Xunta, pero en menor intensidade, é dicir, concede aos dependentes de Grao 3 o 65% de discapacidade, mentres en Galicia este recoñecemento elévase ata o 100%.

A verdadeira vontade do Goberno de España coa presentación deste recurso é provocar paralizacións e retrasos nas valoracións na nosa comunidade, obrigando aos solicitantes a ter que ser valorados unha segunda vez. Un comportamento polo que o Executivo central terá que dar explicacións a todos os galegos pendentes de valorar.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do anuncio efectuado polo Goberno de España de presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a normativa autonómica que regula a homologación da discapacidade ás persoas con dependencia recoñecida?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 26/09/2025 10:57:47
Paula Prado del Rio na data 26/09/2025 10:57:59
Noelia Pérez López na data 26/09/2025 10:58:10
Ethel Vázquez Mourelle na data 26/09/2025 10:58:20
María Encarnación Amigo Díaz na data 26/09/2025 10:58:33
Víctor Baladrón Lamas na data 26/09/2025 10:58:47
Nicole Grueira Fernández na data 26/09/2025 10:58:58
Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/09/2025 10:59:09
Argimiro Marnotes Fernández na data 26/09/2025 10:59:22
Maria Magdalena Perez Millares na data 26/09/2025 10:59:31



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 10:59:49
Nº Rexistro: 34843
Data envío: 26/09/2025 10:59:49.036

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 10:59:49

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:04:45
Nº Rexistro: 34844
Data envío: 26/09/2025 11:04:45,887

Asinado o día 26/09/2025
11:03
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Plataforma de Organizacións de Infancia (POI) ven de publicar un informe, realizado a partir dos microdatos da Enquisa de Condicións de Vida que elabora o Instituto Nacional de Estatística (INE), onde analiza a situación de pobreza infantil, é dicir, das nenas e nenos menores de 18 anos.

Os problemas causados por esta vaga de lumes as explotacións agrogandeiras afectadas son múltiples e variados, o que lles fai perigar a súa subsistencia. As mulleres e homes que teñen explotacións agrarias nas zonas afectadas afrontan as graves consecuencias que fan perigar a viabilidade desta actividade tan necesaria para o mantemento e supervivencia da poboación nas comarcas afectadas.

Asinado o día 30/09/2025 ás 10:20
Por Secundino Fernández
Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro destes problemas temos a posibilidade pastoreo nas zonas queimadas; que segundo a lexislación vixente quedaría prohibido. Esta medida faría imposíbel a permanencia das explotacións de gando extensivo nas zonas afectadas.

Outra actuación que implica un grave perigo para a viabilidade económica das explotacións agropecuarias é a imposibilidade de cobrar axudas da PAC, tanto das financiadas polo FEAGA como polo FEADER con cofinanciación da Xunta e o estado, polas superficies queimadas. Esta situación das superficies arrasadas polos lumes en relación as axudas financiadas ou cofinanciadas pola UE incluso podería obrigar a devolución de cantidades por que os terreos foron arrasados polo lume. O mesmo pasa cos titulares de montes que recibiron axudas no tocante a forestación

Para o BNG nestes momento é imprescindible asegurar o futuro das explotacións agrarias e por suposto que as mulleres e homes que desenvolven a actividade agrogandeira e forestal non se vexan prexudicadas por unha vaga de lumes que arrasou as súas explotacións ou montes

Dende o BNG pensamos que a Xunta de Galiza ten que por todos os medios para que o sector agrogandeiro e forestal siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leven a abandonar as zonas queimadas

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Coñece a Xunta de Galiza os graves problemas aos que se enfrontan as explotacións agrogandeiras e forestais das zonas afectadas pola vaga de lumes?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Analizou a Xunta de Galiza os graves problemas relacionados coa PAC aos que se enfrontan as explotacións agrogandeiras das zonas afectadas pola vaga de lumes?
- Vai a Xunta de Galiza arbitrar solucións para que as explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes podan seguir cobrando as axudas da PAC e as de desenvolvemento rural?
- Coñece a Xunta de Galiza os graves problemas que teñen as explotacións gandeiras das zonas afectadas pola vaga de lumes en relación aos pastos que utilizan nas súas explotacións?
- Ten previsto a Xunta de Galiza autorizar o pastoreo nos montes queimados?
- Coñece a Xunta de Galiza si os propietarios forestais que recibiron axudas para os seus montes e que foron afectados pola vaga de incendios forestais van sufrir algunha penalización económica respecto as axudas recibidas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 30/09/2025 10:20:49

Sonia Vidal Lamas na data 30/09/2025 10:20:56

Ariadna Fernández González na data 30/09/2025 10:21:04

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/09/2025 10:21:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:23:14
Nº Rexistro: 35089
Data envío: 30/09/2025 10:23:14.804



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 10:23:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:23:14
Nº Rexistro: 35089
Data envío: 30/09/2025 10:23:14.804

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Somos conscientes de que o acceso á vivenda é unha das principais preocupacións dos galegos. En consecuencia, o incremento do parque existente e da oferta de vivenda a prezos accesibles constitúe tamén unha prioridade do Goberno que preside Alfonso Rueda.

Galicia está a ser un referente na aplicación de medidas que melloran o acceso a vivenda e tamén en materia de rehabilitación do parque dispoñible, e ante esa expectativa tan positiva, a demanda de pisos protexidos é cada vez maior.

Nese obxectivo, o rexistro de demandantes é clave para coñecer o número de persoas que precisan unha vivenda protexida. O Goberno galego anima aos galegos e galegas a que se inscriban, de cara a ter información de primeira man de cada cidade, vila ou pobo.

Ademais, se está a facer unha importante aposta polo desenvolvemento de solo residencial con destino á construción de vivenda protexida, un reto no que é fundamental a cooperación administrativa, xa que os concellos tamén teñen competencia, e tamén é igualmente necesaria a colaboración público – privada.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que eixos traballa a Xunta de Galicia para ampliar a oferta de vivenda protexida na nosa Comunidade?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:54:54
Nº Rexistro: 35094
Data envío: 30/09/2025 10:54:54.401

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OMRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 30/09/2025 10:52:56
Cristina Campero Dorado na data 30/09/2025 10:53:09
José Luis Ferro Iglesias na data 30/09/2025 10:53:23
Rubén Lorenzo Gómez na data 30/09/2025 10:53:35
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/09/2025 10:53:45
Carmen Pomar Tojo na data 30/09/2025 10:54:06
Roberto Rodríguez Martínez na data 30/09/2025 10:54:15
Gonzalo Trenor López na data 30/09/2025 10:54:23
Katherinie Varela Fernández na data 30/09/2025 10:54:38



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:54:54
Nº Rexistro: 35094
Data envío: 30/09/2025 10:54:54.401

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 10:54:55

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 35101
Data envío: 30/09/2025 11:16:05,487

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como *quenda de oficio*, constitúe un pilar fundamental do sistema de garantías e dereitos da cidadanía, especialmente das persoas en situación de vulnerabilidade. A súa existencia garante o acceso á tutela xudicial efectiva, consagrada no artigo 24 da Constitución española, e permite facer real e efectivo o principio de igualdade ante a lei.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a prestación deste servizo depende da implicación directa dos colexios da avogacía e dos seus profesionais, coordinados a través do Consello da Avogacía Galega, sendo estes os que asumen a responsabilidade directa na defensa das persoas que non dispoñen de recursos suficientes para custear un proceso xudicial.

Desde o ano 2021, a Xunta de Galicia mantén en vigor un convenio coa avogacía galega para regular o financiamento deste servizo público, convenio que finaliza a súa vixencia ao remate do ano 2025. Este acordo supuxo avances puntuais, mais segue a ser insuficiente en diversos aspectos, como o recoñecemento económico adecuado das actuacións profesionais ou a inclusión de conceptos que actualmente non están recollidos pola normativa estatal de xustiza gratuíta.

Cómpre salientar que o Consello da Avogacía Galega leva tempo demandando a ampliación do convenio para adaptar a súa dotación económica ás

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:13
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:13
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

122989

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 35101
Data envío: 30/09/2025 11:16:05.487

necesidades reais do servizo, mellorar a cobertura de actuacións que actualmente non son retribuídas e simplificar a xestión administrativa do recoñecemento do dereito.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos imprescindible que a Xunta de Galicia, como administración responsable da xestión e dotación de recursos neste eido, inicie con carácter inmediato un proceso de diálogo co Consello da Avogacía Galega para elaborar un novo convenio que garanta unha financiación digna, estable e adaptada ás necesidades actuais do servizo.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai negociar a Xunta de Galicia co Consello da Avogacía Galega o novo convenio sobre a asistencia xurídica gratuíta antes da finalización do actual, previsto para decembro de 2025?
2. Recoñece a Xunta que o actual convenio é insuficiente para cubrir determinadas actuacións profesionais realizadas no marco da quenda de oficio e que estas deberían ser obxecto de compensación?
3. Ten intención a Consellería de Xustiza de ampliar a dotación económica destinada ao servizo de asistencia xurídica gratuíta no orzamento de 2026, tal e como vén reclamando o Consello da Avogacía Galega?
4. Por que razón a Xunta de Galicia aínda non atendeu peticións reiteradas do Consello da Avogacía Galega sobre a simplificación dos procedementos de xustificación das actuacións profesionais e a inclusión de novos conceptos no convenio?
5. Vai a Xunta de Galicia garantir que o novo convenio recoñeza expresamente o carácter de servizo público esencial da quenda de oficio e que os seus

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

122990

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 35101
Data envío: 30/09/2025 11:16:05.487

profesionais poidan exercer a súa función en condicións dignas e xustamente retribuídas?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

122991

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/09/2025 11:13:18

Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 11:13:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 35101
Data envío: 30/09/2025 11:16:05,487

CSV: BOPGDSPG-0MRtMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 11:16:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:05
Nº Rexistro: 35101
Data envío: 30/09/2025 11:16:05,487

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:59
Nº Rexistro: 35106
Data envío: 30/09/2025 11:16:59.687

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O inicio do curso escolar 2025-2026 volve poñer de manifesto a grave problemática que afrontan as familias de Camariñas debido á falta de transporte escolar axeitado, especialmente para o alumnado de Bacharelato e FP. Cando falamos de transporte escolar en Galicia, son moitas as familias que se ven afectadas e se fan cargo do transporte, ben economicamente con servizo de taxis ou buses privados ou levando persoalmente as súas fillas e fillos aos centros de ensino.

O Concello leva anos pedindo un aumento de liñas e frecuencias para os estudantes das etapas post-obrigatorias que non dá chegado. No ano 2022, xa presentamos unha moción onde, entre outros puntos, instabamos á Xunta de Galicia a reconducir a xestión do transporte escolar e a instaurar a gratuidade para o alumnado de Bacharelato, por considerar o seu pagamento unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade. Así mesmo, en novembro de 2023 presentouse outra moción co mesmo obxectivo.

Coméntannos as persoas afectadas as deficiencias que viven cada día e o esforzo que supón estudar unha FP ou bacharelato en diferentes localidades da comarca da Costa da Morte sen posuír un vehículo propio. O alumnado de Bacharelato de Camariñas que se despraza ao IES de Vimianzo séntese discriminado, xa que os estudantes de Vimianzo teñen o autobús gratuíto ao poder aproveitar o servizo da ESO.

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:14
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:14
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

122994

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:59
Nº Rexistro: 35106
Data envío: 30/09/2025 11:16:59.687

Unha vez máis o Concello, a petición dos veciños e veciñas afectados, remitiu un escrito á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, solicitando melloras no servizo de transporte para o alumnado que cursa Bacharelato no IES de Vimianzo. A día de hoxe aínda non se obtivo contestación por parte do goberno autonómico.

A falta de opcións de transporte público axeitado fomenta o illamento da nosa vila, impulsa o uso do vehículo particular e non se axusta ás políticas de sostibilidade e seguridade viaria.

Pola situación descrita, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Consellería de Educación dar resposta formal ao escrito presentado polo Concello de Camariñas?
2. Ten previsto adaptar os servizos de transporte para incluír ao alumnado de Bacharelato e FP de Camariñas?
3. En que prazos e con que medidas concretas prevé actuar o Goberno galego sobre esta cuestión?

Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

122995

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 11:14:51

Aitor Bouza Manso na data 30/09/2025 11:14:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:59
Nº Rexistro: 35106
Data envío: 30/09/2025 11:16:59.687

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 11:17:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:59
Nº Rexistro: 35106
Data envío: 30/09/2025 11:16:59.687

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez, Katherinie Varela Fernández e Carmen Pomar Tojo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A ciberseguridade deixou de ser unha cuestión meramente técnica para converterse nun asunto estratéxico e de primeira orde. E os datos así o reflicten. En 2024, España foi un dos principais obxectivos dos ciberdelincuentes a nivel mundial; algunhas estatísticas indican que recibiu un 6% do total das ciberamenazas globais detectadas. Ademais, segundo datos do Ministerio do Interior, as infraccións penais vinculadas á cibercriminalidade multiplicáronse por máis de dez na última década, o que ilustra a magnitude e o crecemento exponencial deste fenómeno.

En Galicia, a realidade tampouco é menor. O Ministerio do Interior rexistrou 23.845 ciberdelitos en 2024, un incremento do 9,7% respecto ao ano anterior, e no primeiro semestre de 2025 o aumento chegou ao 16% en comparación con 2024. En termos relativos, Galicia mantense na media estatal con 486 ciberdelitos por cada 100.000 habitantes fronte aos 505 da media nacional.

O último informe do OSIMGA sobre o Estado da Ciberseguridade en Galicia indica que máis da metade da poboación, un 53%, sufriu algún incidente de ciberseguridade no último ano, fundamentalmente spam ou intentos de estafa, o que demostra que se trata dunha preocupación real para a cidadanía.

No ámbito empresarial, o informe “Galicia, Economía en Dixital” sinala que en 2023 as empresas galegas investiron máis de 150 millóns de euros en ciberseguridade, un 30% máis que o ano anterior.

O 86% das compañías de máis de dez empregados declara ter implantadas medidas de seguridade, o que evidencia unha crecente concienciación, e un 24,6% das empresas TIC galegas xa ofrecen servizos de ciberseguridade en ámbitos como a certificación normativa ou a xestión de incidentes, o que indica un aumento na necesidade de protexer os sistemas de información de empresas, administracións e cidadáns, así como un aumento na regulación para logralo.

Neste contexto a Unión Europea e o Goberno central han sinalado reiteradamente que reforzar a cultura da ciberseguridade non pode limitarse a medidas técnicas senón que debe ir acompañada de programas de concienciación e capacitación, sendo necesario un esforzo sostido para trasladar esta visión a toda a cidadanía e especialmente a colectivos máis vulnerables como persoas maiores, escolares, autónomos ou pequenas empresas que son quen se atopa máis expostos a prácticas fraudulentas ou a un uso pouco seguro das tecnoloxías.

A capacitación en ciberseguridade non é só a transmisión de coñecementos técnicos, senón como un proceso de alfabetización dixital que permita adquirir hábitos seguros no uso da internet, redes sociais, comercio electrónico e servizos dixitais. Trátase dunha condición básica para garantir o exercicio pleno dos dereitos dixitais, recollidos no artigo 18.4 da Constitución Española e desenvolvidos na normativa recente en materia de protección de datos e dereitos dixitais.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que accións está a desenvolver a Xunta de Galicia, para formar, sensibilizar e capacitar á cidadanía en materia de ciberseguridade, có fin de reducir vulnerabilidades, incrementar a confianza na contorna dixital e promover un uso responsable, crítico e seguro das tecnoloxías?

Santiago de Compostela 30 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 30/09/2025 11:52:15
Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2025 11:52:28
Paula Prado del Rio na data 30/09/2025 11:52:39
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/09/2025 11:52:56
Paula Mouzo Mas na data 30/09/2025 11:53:08
María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 11:53:22
Roberto Rodríguez Martínez na data 30/09/2025 11:53:30
Katherinie Varela Fernández na data 30/09/2025 11:53:39
Carmen Pomar Tojo na data 30/09/2025 11:53:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 11:54:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:54:08
Nº Rexistro: 35111
Data envío: 30/09/2025 11:54:08,353

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez, Katheriníe Varela Fernández e Carmen Pomar Tojo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os concellos constitúen a administración máis próxima á cidadanía e desempeñan un papel fundamental na prestación de servizos públicos básicos, na tramitación administrativa e na xestión de información de carácter persoal e sensible.

A crecente dixitalización dos procedementos municipais, sumada á obrigação de garantir a relación electrónica coa cidadanía establecida na Lei 39/2015, incrementou notablemente o volume e a sensibilidade dos datos xestionados polos concellos. Este contexto convérteos en obxectivos especialmente vulnerables aos ciberataques.

Nos últimos anos rexistráronse incidentes en múltiples administracións locais en España e en Europa, que provocaron desde a paralización temporal de servizos ata filtracións graves de información. Moitos concellos, especialmente os de menor tamaño, carecen de recursos técnicos e humanos suficientes para garantir por si sós unha protección adecuada fronte a estas ameazas.





A Unión Europea, a través da Directiva NIS2 e da Estratexia Europea de Ciberseguridade, insiste na necesidade de fortalecer a resiliencia dixital das administracións públicas, incluídas as locais. Neste sentido, resulta clave a colaboración interadministrativa para que os concellos poidan dispoñer de apoio técnico, formación de persoal e acceso a infraestruturas e ferramentas que melloren a súa capacidade de prevención, detección e resposta ante incidentes de ciberseguridade, polo que resulta necesario concretar que medidas de acompañamento e apoio específico están a ofrecerse aos concellos, de maneira que poidan afrontar o reto de garantir a continuidade dos seus servizos públicos e a protección dos datos fronte ás crecentes ameazas no ciberespazo.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as actuacións en marcha ou previstas para axudar aos concellos galegos a mellorar as súas capacidades en materia de ciberseguridade, xa sexa a través de financiamento, asistencia técnica, formación, provisión de ferramentas ou programas de cooperación?

Santiago de Compostela 30 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 30/09/2025 11:58:26
Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2025 11:58:38
Paula Prado del Rio na data 30/09/2025 11:58:51
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/09/2025 11:59:06
Paula Mouzo Mas na data 30/09/2025 11:59:19
María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 11:59:31
Roberto Rodríguez Martínez na data 30/09/2025 11:59:39
Katherinie Varela Fernández na data 30/09/2025 11:59:49
Carmen Pomar Tojo na data 30/09/2025 12:00:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 12:00:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:00:20
Nº Rexistro: 35115
Data envío: 30/09/2025 12:00:20.828

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:06:16
Nº Rexistro: 35118
Data envío: 30/09/2025 12:06:16.492

Asinado o día 30/09/25
11:57
Por María Deza Martí

A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O GaiásTech é unha iniciativa da Xunta de Galicia financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para lograr a transformación dixital do tecido produtivo e xerar produtos, solucións e servizos cunha visión tecnolóxica, que proporcionen maior valor, innovación e competitividade nun ámbito global.

Constitúe un espazo de innovación aberto para quen teña a capacidade de transformar a nosa comunidade. O centro coordina e cohesiona unha rede de nodos de especialización tecnolóxica. Articúlase arredor do talento que xera propostas innovadoras coas que se poidan dar resposta aos novos desafíos que a nosa economía e sociedade demandan.

Esta iniciativa busca crear un entorno adecuado para a confluencia do talento, emprendemento, innovación e xestión empresarial cos que construír novas propostas de valor.

Así mesmo, as tecnoloxías disruptivas son un dos focos de interese do GaiásTech, da súa difusión e da concienciación social sobre a súa importancia, pois poden producir notables vantaxes competitivas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre as xornadas de impulso ao comercio galego organizadas en colaboración co GaiásTech?

Santiago de Compostela, 30 de setembro 2025.

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:57
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 30/09/2025 ás 11:56
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 11:56:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/09/2025 11:57:05

María Deza Martínez na data 30/09/2025 11:57:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2025 11:57:28

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/09/2025 11:57:36

Ángel Rodríguez Conde na data 30/09/2025 11:57:49

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2025 11:58:02

Borja Vereza Fraiz na data 30/09/2025 11:58:15

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 30/09/2025 11:58:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 12:06:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:06:16
Nº Rexistro: 35118
Data envío: 30/09/2025 12:06:16.492

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez, Katherin Varela Fernández e Carmen Pomar Tojo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Na sociedade dixital actual, a conectividade é un requisito básico para garantir a igualdade de oportunidades, reforzar a competitividade empresarial e contribuír á cohesión social e territorial.

A Unión Europea, estableceu, na súa estratexia para o 2025 en materia de conectividade os seguintes obxectivos: garantir que todos os fogares dispoñan de conexións de polo menos 100 Mbps, dotar de 1 Gbps aos principais motores socioeconómicos e despregar redes 5G en todas as cidades e nas principais vías de transporte.

Galicia é un territorio no que o despregamento das redes de telecomunicación sen fíos adquire especial relevancia debido ás dificultades orográficas e á dispersión poboacional.

A este respecto, o pasado 25 de setembro ven de celebrarse a primeira comisión de seguimento do nodo Conectivi.gal, iniciativa que busca adaptar as tecnoloxías sen fíos ás necesidades específicas do territorio.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:06:23
Nº Rexistro: 35119
Data envío: 30/09/2025 12:06:23.849

Que actuacións están previstas no marco do Nodo Conectivi.gal, e que obxectivos perseguen?, ¿cal será o período de execución das mesmas?

Santiago de Compostela 30 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OMRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 30/09/2025 12:04:27
Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2025 12:04:39
Paula Prado del Rio na data 30/09/2025 12:04:54
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/09/2025 12:05:08
Paula Mouzo Mas na data 30/09/2025 12:05:19
María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 12:05:33
Roberto Rodríguez Martínez na data 30/09/2025 12:05:41
Katherinie Varela Fernández na data 30/09/2025 12:05:50
Carmen Pomar Tojo na data 30/09/2025 12:06:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 12:06:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:06:23
Nº Rexistro: 35119
Data envío: 30/09/2025 12:06:23.849

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:07:01
Nº Rexistro: 35121
Data envío: 30/09/2025 12:07:01.968

Asinado o día 30/09/25
Por María Encarnación
Díaz

A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O Plan de Formación no sector comercial de Galicia enmárcase no Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, centrándose en mellorar a competitividade, a modernización, a dixitalización e a sostibilidade do sector.

A Federación Galega do Comercio (FGC), en colaboración coa Xunta de Galicia, ofrece programas de formación subvencionada para autónomos e traballadores, incluíndo talleres sobre dixitalización, marketing, xestión e sostibilidade.

Ademais, tamén existen programas formativos impulsados polo Goberno galego e as Cámaras de Comercio, ofrecendo formación profesional xeral a través do executivo. Ao longo das sesións, exploraranse ferramentas prácticas para mellorar a visibilidade online, optimizar a xestión do negocio, coñecer novas formas de conectar cos clientes e incorporar criterios sostíbeis no día a día comercial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta as seguintes preguntas orais:

- 1.Como valor o sector comercial o Plan de formación que está a desenvolver a Xunta de Galicia?
- 2.Que medidas se puxeron en marcha no marco do Plan de formación para o sector do comercio?
- 3.Que impacto produce este plan no propio sector?

Santiago de Compostela, 30 de setembro 2025.

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:50
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 30/09/2025 ás 11:49
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 11:49:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/09/2025 11:50:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2025 11:51:02

María Deza Martínez na data 30/09/2025 11:51:18

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/09/2025 11:51:29

Ángel Rodríguez Conde na data 30/09/2025 11:51:39

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2025 11:51:50

Borja Vereza Fraiz na data 30/09/2025 11:52:00

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 30/09/2025 11:52:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 12:07:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:07:01
Nº Rexistro: 35121
Data envío: 30/09/2025 12:07:01.968

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:07:42
Nº Rexistro: 35123
Data envío: 30/09/2025 12:07:42.577

Asinado o día 30/09/25
12:01
Por Rubén Lorenzo G

A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O proxecto Vilas Vivas é un programa da Xunta de Galicia que ten por obxectivo impulsar a actividade comercial, recuperando locais en desuso e promovendo a actividade en rotación nos mesmos.

O pasado mes de maio, asinouse un convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Ribadavia para desenvolver esta experiencia piloto do plan de dinamización comercial. Dito convenio establece unha colaboración bianual, vixente ata decembro de 2026, á que o Executivo galego destinará preto de 590.000 euros.

As actuacións de dinamización comercial comezarán no último trimestre do ano, destacando o tremendo potencial desta vila para impulsar o comercio local na súa zona histórica, na que se dará unha nova vida a máis dunha ducia de baixos en desuso para estimular a afluencia de visitantes.

Ademais da habilitación dos espazos, favoreceranse sinerxías entre o comercio da vila que xa está en funcionamento e o comercio efímero, con ferramentas como Artesanía de Galicia, de modo que este proxecto se converta nunha plataforma para dialogar coa riqueza vitivinícola, patrimonial, cultural, gastronómica ou termal da vila e a súa contorna, construíndo unha experiencia integral para atraer visitas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

Que acollida ten o programa Vilas Vivas entre o tecido comercial e de que maneira mellora os cascos históricos dos nosos pobos e vilas?

Santiago de Compostela, 30 de setembro 2025.

Asinado o día 30/09/2025 ás
12:01
Por María Deza Martínez

Asinado o día 30/09/2025 ás 12:01
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 12:01:16

María Deza Martínez na data 30/09/2025 12:01:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/09/2025 12:01:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2025 12:01:42

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/09/2025 12:01:54

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 30/09/2025 12:02:03

Ángel Rodríguez Conde na data 30/09/2025 12:02:16

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2025 12:02:26

Borja Vereza Fraiz na data 30/09/2025 12:02:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 12:07:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:07:42
Nº Rexistro: 35123
Data envío: 30/09/2025 12:07:42.577

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:15:28
Nº Rexistro: 35126
Data envío: 30/09/2025 12:15:28.871

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª**.

Na actualidade, a atención hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo é prestada polo Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI), que ten como principais centros os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Este complexo dá cobertura a unha poboación de máis de 566.000 persoas, incluíndo os concellos de Cangas e Moaña, que suman máis de 46.000 habitantes.

Na contorna do hospital Meixoeiro tamén se atopan centros educativos como o CIFP Manuel Antonio, IES Ricardo Mella, CIFP Valentín Paz Andrade e a Escola Universitaria de Enfermería, así como residencias de maiores. Un gran número de persoas residentes no Morrazo, especialmente en Moaña, Cangas e tamén Bueu, desprázanse diariamente a Vigo por motivos laborais, formativos ou asistenciais.

A conexión mediante transporte público entre O Morrazo e os hospitais resulta, porén, ineficiente. A duración do traxecto actual, que pode chegar ata os 110 minutos, non permite cumprir cos horarios de entrada das quendas hospitalarias (15:00h e 22:00h), o que dificulta a asistencia puntual ao traballo e fomenta o uso de vehículos particulares. Este problema está a provocar o abandono do transporte público por parte dos usuarios.

Asinado o día 30/09/2025 ás
12:14
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/09/2025 ás
12:14
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

123019

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:15:28
Nº Rexistro: 35126
Data envío: 30/09/2025 12:15:28.871

A situación podería agravarse en xuño do 2025, coa previsión de obras na Avenida de Madrid en Vigo, que é parte do itinerario actual do autobús. Estas actuacións poderían causar importantes retrasos nos percorridos.

Dada esta realidade, faise necesaria unha mellora da liña de transporte público, con percorridos máis directos e tempos de viaxe inferiores á hora. As administracións públicas deben garantir un sistema de mobilidade eficiente, sostible e accesible, que fomente o uso do transporte colectivo e dea resposta real ás necesidades da cidadanía da comarca do Morrazo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia establecer unha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os hospitais Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro cun tempo estimado de traxecto inferior a unha hora, adaptando os horarios de saída e chegada ás necesidades asistenciais e laborais?
2. Vai a Xunta de Galicia establecer liñas de transporte que cubran os horarios da tarde e da noite?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia mellorar as frecuencias horarias do transporte público na zona do Morrazo?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

123020

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/09/2025 12:14:07

Carlos López Font na data 30/09/2025 12:14:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:15:28
Nº Rexistro: 35126
Data envío: 30/09/2025 12:15:28.871

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 12:15:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 12:15:28
Nº Rexistro: 35126
Data envío: 30/09/2025 12:15:28.871

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª**.

A accesibilidade ao transporte público regular por estrada é un servizo esencial que debe estar ao alcance de toda a cidadanía en condicións de igualdade. Neste contexto, o dereito á mobilidade das persoas con discapacidade ou mobilidade reducida constitúe un pilar fundamental para a construción dunha sociedade inclusiva e xusta.

Para ofrecer o servizo de transporte público regular de uso xeral por estrada, a Xunta de Galicia realizou 3 chamados a licitación entre o ano 2019 e o ano 2020, nos que se asinaron contratos de concesión do servizo para a totalidade das liñas, cunha duración de 10 anos, que son os contratos que están vixentes na actualidade. Esta información está dispoñible no Informe de fiscalización do programa de Ordenación e inspección do transporte para os exercicios 2019 e 2020, elaborado polo Consello de Contas, que foi aprobado na sesión do pleno de data 11 de outubro de 2023. Neste informe, menciónase que o 1 de xaneiro de 2020 entraron en vigor os contratos correspondentes ao expediente 1/2019 DGM, no que se adxudicou a concesión de 94 lotes para prestar este servizo, o 24 de febreiro de 2020 os contratos correspondentes ao expediente 2/2019 DGM, no que se adxudicaron 4 lotes e o 19 de setembro e 23 de decembro de 2020, os contratos correspondentes ao expediente 1/2020 DXM, no que se adxudicaron 29 lotes.

Asinado o día 30/09/2025 ás
13:02
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 30/09/2025 ás
13:02
Por Carlos López Font





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 13:02:38
Nº Rexistro: 35222
Data envío: 30/09/2025 13:02:38.202

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  981.55.15.30



Nos pregos destas licitacións, a Xunta de Galicia establece os requisitos de accesibilidade, que deben cumprir os vehículos que presten servizos de transporte público regular de uso xeral por estrada, para garantir que as persoas con mobilidade reducida poidan acceder ao servizo. En específico menciónanse tres esixencias para as empresas:

- a) Establécese que deberán de cumprir as condicións esixidas no apartado 2 do epígrafe 2, referido ao material móbil, do Anexo IV, relativo ás condicións básicas de accesibilidade ao transporte por estrada, do Real Decreto 1544/2007, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos medios de transporte para persoas con discapacidade.
- b) Tamén se esixe unha porcentaxe para a prestación de circulacións diarias que se deben realizar con vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida, en relación ao total de circulacións do día. Esa porcentaxe fíxase nun mínimo do 10% das circulacións diarias.
- c) Ademais, esíxeselle ás empresas que deben informar publicamente e cunha antelación mínima de 24 horas, das circulacións que, en cada momento, vaian ser prestadas mediante vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

@PSdeG



1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se os prestadores do servizo de transporte público regular de uso xeral por estrada están a cumprir de maneira efectiva cos requisitos de accesibilidade que lles foron esixidos no prego de condicións que se presentou para a licitación do servizo?
2. Parécelle á Xunta de Galicia que a porcentaxe mínima do 10% de circulacións diarias con vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida é suficiente para garantir o acceso ao servizo destas persoas?
3. Que accións toma a Xunta de Galicia para garantir que os prestadores do servizo cumpran cos requisitos esixidos?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 30/09/2025 13:02:02

Paloma Castro Rey na data 30/09/2025 13:02:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 13:02:38
Nº Rexistro: 35222
Data envío: 30/09/2025 13:02:38.202

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 13:02:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 13:02:38
Nº Rexistro: 35222
Data envío: 30/09/2025 13:02:38.202

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 13:30:18
Nº Rexistro: 35254
Data envío: 30/09/2025 13:30:18.370

Asinado o día 30/09/25
Por María Encarnación
Díaz

A Mesa do Parlamento

María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, así como a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Ademais, o Laboratorio de Consumo de Galicia é o centro no que se realizan as análises e os ensaios sobre produtos industriais non alimenticios presentes no mercado, co fin de avaliar a súa conformidade coas regulamentacións técnicas referidas tanto á calidade como á seguridade.

Realiza ensaios sobre produtos de consumo co fin de verificar a súa adecuación á normativa, as súas características e a veracidade das atribucións declaradas no etiquetado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral:

1. Calen son os obxectivos da Xunta de Galicia en referencia ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia?
2. E en relación co Laboratorio de Consumo de Galicia?

Asinado o día 30/09/2025 ás
13:11
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 30/09/2025 ás 13:11
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 13:30:18
Nº Rexistro: 35254
Data envío: 30/09/2025 13:30:18.370

Santiago de Compostela, 25 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-OMRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2025 13:11:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/09/2025 13:11:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2025 13:11:40

María Deza Martínez na data 30/09/2025 13:12:45

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/09/2025 13:12:57

Ángel Rodríguez Conde na data 30/09/2025 13:13:11

Cristina Sanz Arias na data 30/09/2025 13:13:22

Borja Vereza Fraiz na data 30/09/2025 13:13:30

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 30/09/2025 13:13:43



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 13:30:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 13:30:18
Nº Rexistro: 35254
Data envío: 30/09/2025 13:30:18.370

CSV: BOPGDSPG-0MRIMwk1f-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

